

ERNESTO CHAO *Pino*
=====

Naceu en Ribadavia (Ourense) o 11-11-1-943

Leva desde o ano 1.978 dedicado a súa profesión de actor profesional, facendo traballos en teatro, cine e televisión.

Foi fundador no ano 1.973 da Mostra de Teatro Galego de Ribadavia.

No ano 1.978, xunto con outros compañeiros, funda a Compañía Teatro Artello, de Vigo, participando en oito espectáculos algúns deles tan populares como "Celtas sen filtro".

No ano 1.984 traslada a súa residencia a Santiago de Compostela para formar parte da primeira compañía do Centro Dramático Galego.

Nos anos 1.986 e 1.987 é director do Centro Dramático Galego.

Traballou como actor en diversas compañías de teatro galego, tales como:

- Teatro do Noroeste
- Teatro do Malbarate
- Centro Dramático Galego
- Encuadre Produccións
- Compañía Ernesto Chao
- etc.

Ata a actualidade leva participado como actor profesional en 33 espectáculos de teatro.

Ten o Premio Compostela ó mellor actor protagonista do ano polo seu traballo na obra "Galileo Galilei", de Bertold Brecht.

Traballou en cine con diversos directores, tanto galegos como foraneiros, tales como Jaime de Armiñan, Chano Piñeiro, Jose Luis Garcia Sanchez, Adolfo Aristarain, Carlos Piñeiro, Raúl Veiga....

Algunhas das películas nas que participou son:

- La hora bruja
- A metade da vida
- Urxa
- Xelmirez
- La ley de la frontera
- Divinas palabras
- etc.

Fixo diversos traballos en televisión para Antena 3, Televisión Española e Televisión de Galicia, nos que destacan:

- Imos Aló (curso de galego dramatizado. 50 capítulos)
- Pratos combinados. (serie que se emite desde 1.995)